



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ANFACO-CECOPECA CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

En Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan Manuel Cividanes Roger, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente del Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, D./Dª, en representación da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPECA), con CIF G 36625309 e domicilio en Carretera de Colexio Universitario, 16, 36310- Vigo (Pontevedra). Está facultado para este acto, segundo as facultades recoñecidas en escritura de apoderamento con data de 30 de xullo de 2009, outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Pedro Riol López, e con nº de protocolo 1992.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape do 13 de abril de 2018 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.
- 2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 40 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.
3. - Que os posibles destinos dos bolseiros indicados nas bases son: oficinas de Igape e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.
- 4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.
- 5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e ANFACO-CECOPECA para a acollida dun bolseiro da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 10 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de marzo de 2019. A dita duración poderá ser prorrogada polo Igape por un período máximo de doce meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar ou completar unha etapa da formación que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando ANFACO-CECOPECA acepte a prolongación da estadía.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro a ANFACO-CECOPECA tendo en conta a puntuación final obtida polo bolseiro na resolución definitiva, e as súas preferencias.

O Igape poderá substituír ao bolseiro no caso de renuncia do bolseiro anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración de **ANFACO-CECOPECA** consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por ANFACO-CECOPECA, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios, aos que o bolseiro sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro no plan de prevención de riscos de ANFACO-CECOPECA, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de ANFACO-CECOPECA.



- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre ANFACO-CECOPECA e o bolseiro.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro a ANFACO-CECOPECA. A súa duración será de 10 meses podendo prorrogarse por doce meses adicionais se existe conformidade ao respecto polas dúas partes.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

ANFACO-CECOPECA consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

NOVENA.-



O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo Igape:

Por ANFACO-CECOPESCA:

Asdo.: Juan Manuel Cividanes Roger

Asdo.:



ANEXO PLAN DE FORMACIÓN	
NOME TITOR BOLSEIRO:	Felicidad Fernández Alonso
MERCADOS DE INTERESE:	CHINA, BELXICA, HONG KONG, FRANCIA, REINO UNIDO , ALEMAÑA, PAISES BAIXOS, PORTUGAL, ESTADOS UNIDOS DE AMERICA, MEXICO, PERU, BRASIL, EMIRATOS ARABES UNIDOS, ALXERIA, MARROCOS, TAILANDIA, XAPON, COREA DO SUR, SINGAPUR, ECUADOR, PANAMA, CANADA, CABO VERDE
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2019/2020:	Acción de promoción exterior conxunta de empresas galegas: • Plataforma sectorial de internacionalización para estudos de mercado, detección de novas tendencias nos mercados e identificación de canles de comercialización e de clientes. • Participación en feiras o outros eventos expositivos (Seafood Expo Global 2019, ANTAD México...) • Elaboración de material de promoción. • Campañas de publicidade en Internet. • Acciones de promoción de produtos.
PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO:	Desenvolvemento das actividades do plan de internacionalización de ANFACO-CECOPECA e outras. Sendo as principais tarefas: - Apoio e asesoramento as empresas en comercio internacional e política comercial. - Organización e desenvolvemento das accións promocionais sectorias. - Organización e coordinación de misións empresarias e participación en ferias. - Desenvolvemento de actividades de intelixencia competitiva e investigación de mercados. - Elaboración do boletín de ofertas e demandas de interese para as empresas asociadas. - Organización de xornadas sobre comercio exterior. - Análises económico, de produción, consumo e comercio exterior. - Elaboración de circulares informativas en materia de internacionalización e promoción de interese para as empresas asociadas.